

 /asoporcel.porcocelta
 @porcoceltaasoporcel
 @asoporcel



PORCO CELTA, UNHA RAZA 100% AUTÓCTONA GALEGA

*Pásate ao Porco Celta!
Apoia o labor dos
gandeiros e gandeiras
que traballan pola
recuperación da única
raza porcina orixinaria
da nosa terra*



Hoxe en día, somos máis de 150 os gandeiros e gandeiras que, dende a Asociación de Criadores da Raza Porcina Celta, traballamos en toda Galicia a prol da recuperación, conservación e mellora do Porco Celta.



A súa alimentación baséase no aproveitamento mediante pastoreo dos recursos das parcelas, ao que se engade un suplemento de cereais e produtos da horta.



Co noso traballo, producimos carnes saudables e de alta calidade, ao tempo que axudamos a conservar unha raza que é patrimonio xenético da nosa terra.



Porco Celta críase en sistemas extensivos ou semiextensivos, os cales respectan o benestar animal e coidan do medio natural.



Grazas os nosos animais, tamén poñemos en valor e coidamos da paisaxe galega, ao contribuir á prevención de incendios forestais.



Ademais, axudamos a fixar poboación en zonas desfavorecidas do rural galego.



Deste xeito, facemos camiño cada día para acadar un futuro **biosostible** para todos.



TI TAMÉN PODES AXUDAR!

Engade á túa cesta da compra produtos etiquetados co logotipo 100% Raza Autóctona Porco Celta, un selo oficial que distingue os derivados desta raza e que garante a trazabilidade durante todo o proceso de produción, transformación e venda.

